


ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Ferros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



Fernando Oxea

Médico do Concello coruñés

Nacemento: Descoñecida Santiago de Compostela .

Falecemento: A Coruña 1792

Autor/a da biografía: Sanmartín Miguez, J. Santiago

Data de alta: 01/11/2012

Ámbitos de ocupación: Medicina /

Cursou estudos de Filosofía e Teoloxía na Universidade de Santiago desde 1743 ata 1752, iniciando, ao ano seguinte, a carreira de Medicina nesta mesma universidade. En xuño de 1756 remataba a súa formación académica co título de Bacharel en Medicina teórica, tendo como mestres a Carrera Pazos na cátedra de Método, Río Maldonado en Prima e a Montes na de Vísperas.

Axiña tentou Fernando Oxea ocupar a Cátedra de Prima da Facultade de Medicina, xa que nese mesmo ano de 1756 tomou parte nas oposicións á praza. Concorreron cinco doutores, entre eles o que fora o seu profesor, Río Maldonado, que foi quen gañou a oposición. Nove anos máis tarde Oxea tentará de novo acceder a unha cátedra de medicina na universidade compostelá, agora á de Método, pero tampouco terá éxito.

A partir dos últimos anos da década dos cincuenta, atopamos a Oxea exercendo a medicina privada na súa cidade natal. Por este tempo foi nomeado médico do Gremio e Claustro da Universidade de Santiago e xuíz examinador da Subdelegación do Real Tribunal do Protomedicato do Reino. En marzo de 1777 solicitou do Concello de A Coruña unha praza de médico *ad honorem*, isto é, sen soldo, para poder suplir as ausencias do médico titular, Juan Felipe Diz. O Concello distíngueo, en principio, co nomeamento de médico honorífico, pero ao ano seguinte noméao segundo médico titular debido ao incremento da poboación coruñesa.

O primeiro libro deste profesional da medicina foi publicado en 1766 e leva por título *Discurso Apologético*. O autor argumenta unha defensa persoal con motivo da "capitulación dunha enfermidade, contra Don Pedro Bedoya, que maliciosamente me contradiciu, denigrando a miña estimación".

Dez anos máis tarde saía do obradoiro compostelá de Aguayo a obra titulada *Disertación médica de la simplicidad y sencillez con que se debe ejercer la medicina*. Nela, en breve advertencia, o autor afirma que non era a súa intención inicial imprimir o manuscrito, porque "nada contiña de novo, pois todas as máximas recollidas atópanse esparcidas nos Autores Médicos". Oxea recomenda que o exercicio da medicina "non debe ser oficioso nin recetador, e si detido, prudente e sinxelo na terapéutica, non deixando que o médico sexa un frío espectador da morte do enfermo, pois tan repreensible é a mínima covardía, como culpable a temeridade ... ". En opinión crítica de Baltar (1961), Oxea fai grandes loanzas de Martín Martínez e de Feijoo, pero sen embargo, toda a obra está redactada nun estilo trapalleiro e recargado que lembra ao dos séculos precedentes. O traballo de Oxea sería así revelador do precario estado no que se atopaba a medicina naquela época.

Un último opúsculo de Fernando Oxea saíría uns anos máis tarde da imprenta, baixo o título de *Justa repulsa de una grosera calumnia y descortés precipitado juicio que hizo y manifestó D. José Ortega y Padilla, médico de la Corte, que lo fue de varios partidos, en un discurso que vio luz en la prensa en este año de 1788*. Nesta obra intenta defenderse da atroz crítica do médico Ortega y Padilla cara a súa *Disertación Médica*.

Oxea foi académico correspondente da Real Médico-Matritense e o Concello de Oviedo requiriuno en dúas ocasións, 1783 e 1784, para que actuase como médico municipal daquela cidade.

Bibliografía:

Fontes impresas:

Oxea, F. (1766): *Discurso apologético*, Madrid.

Oxea, F. (1777): *Disertación médica de la simplicidad y sencillez con que se debe ejercer la medicina*, Santiago: Ignacio Aguayo.

Oxea, F. (1788): *Justa repulsa de una grosera calumnia y descortés precipitado juicio que hizo y manifestó D. José Ortega y Padilla, médico de la Corte, que lo fue de varios partidos, en un discurso que vio luz en la prensa en este año de 1788*, Santiago: Sebastián Moreno y Fraiz.

Bibliografía secundaria:

BALTAR DOMÍNGUEZ, R. (1961): *Opúsculos médicos gallegos del siglo XVIII*, Santiago: Imprenta Seminario Conciliar.

CABEZA DE LEÓN, S. y FERNÁNDEZ VILLAAMIL, E. (1945): *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*, Santiago: CSIC, Instituto de Estudios Gallegos.

MEIJIDE PARDO, A. (1982): *Escritores e autores na Galicia da Ilustración*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

PARRILLA HERMIDA, M. (1974): Apuntes para la Historia de la Medicina Gallega. Médicos titulares de La Coruña en el siglo XVIII, *Rúa Médica*, 4: 15-20.

Como citar esta páxina:

Sanmartín Miguez, J. Santiago ([2012], "Fernando Oxea", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 24/08/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=366>]

Máis información e materiais complementarios en
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=366>

Un proxecto do

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202